

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 28 DE XANEIRO DE 2016,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se regula a incorporación das infraestruturas de telecomunicacións nos edificios da Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia e a súa integración na Rede Corporativa da Xunta de Galicia.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade das beirarrúas da estrada AC-552 ao seu paso polos solos urbanos de Paiosaco e A Laracha, a prol do Concello da Laracha.

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Decreto polo que se nomea director xeral de Inclusión Social a Arturo Parrado Puente.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se aproba o Plan estratéxico de Galicia 2015-2020.

## **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a establecer pagamentos anticipados en porcentaxe superior ao recollido no artigo 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Orde pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades asociativas, ás oficinas locais e a outras entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e da economía social, e se convocan para o ano 2016. Importe total: un millón douscentos corenta e cinco mil euros (1.245.000,00€).

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) para a concesión directa, mediante resolución, das axudas correspondentes ao Plan marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias-2016, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA**

- Informe de Turismo de Galicia 2015.
- Informe sobre o Plan de formación da Escola Galega de Administración Pública para o ano 2016.

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Informe sobre a posta en marcha da Oficina Doing Business en Galicia.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre as intervencións nas unidades de críticos dos hospitais do Servizo Galego de Saúde para a diminución das infeccións (Proxectos Zero).

## A XUNTA APROBA O DECRETO QUE GARANTIRÁ QUE OS EDIFICIOS PÚBLICOS AUTONÓMICOS ESTEAN DOTADOS PARA PRESTAR OS SERVIZOS DIXITAIS DO FUTURO

- *Trátase do segundo desenvolvemento normativo da Lei 3/2013, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia*
- *É unha norma fundamental para avanzar cara a edificios intelixentes, conectados a redes ultrarrápidas, enerxeticamente eficientes e adaptados a servizos en mobilidade*
- *Asegura a incorporación das infraestruturas de comunicacións na fase de construción dos novos edificios, o que suporá un importante aforro fronte á súa execución a posteriori*
- *E ademais, aborda a regulación do informe técnico necesario para a integración de dependencias administrativas na Rede Corporativa da Xunta de Galicia*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto que asegurará que os edificios da Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia contén coas infraestruturas necesarias para as comunicacións internas e o acceso aos servizos de telecomunicacións.

Con esta norma búscase garantir que os edificios públicos estean dotados do equipamento preciso para ofrecer uns servizos dixitais de calidade coas máximas garantías de seguridade e dispoñibilidade. É un decreto fundamental para poder avanzar cara edificios intelixentes, conectados a redes ultrarrápidas, enerxeticamente eficientes e adaptados a servizos en mobilidade.

Trátase dunha norma que acompaña a implementación de servizos dixitais en todos os ámbitos que está a impulsar o Goberno autonómico dentro da Axenda Dixital de Galicia 2020: consolidar a eAdministración, proporcionando servizos *online* cada vez máis rápidos, sinxelos e eficaces; avanzar cara ao expediente xudicial electrónico, simplificando a tramitación e axilizando os procedementos, potenciando a relación telemática entre os distintos axentes; continuar o proceso de transformación do sistema educativo galego, coa dixitalización das aulas e os contidos dixitais; a evolución das iniciativas de eSaúde e a prestación de servizos sanitarios no Fogar Dixital.

### **Lei de telecomunicacións de Galicia**

Este decreto é o segundo desenvolvemento normativo derivado da Lei 3/2013, de impulso e ordenación das infraestruturas de telecomunicacións de Galicia, que estableceu o marco legal para garantir un desenvolvemento áxil, ordenado, eficiente e respectuoso co ambiente das infraestruturas de telecomunicacións.

En concreto, desenvolve o disposto no artigo 9 da Lei 3/2013, sobre a determinación dos requisitos comúns de deseño para asegurar que as infraestruturas de telecomunicacións das dependencias da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia ofrezan un axeitado nivel de calidade e fiabilidade, implantación e certificación.

### **Requisitos para edificios de nova construción e inmobles existentes**

No caso de edificacións de nova construción e de reformas substanciais, o decreto recolle a inclusión no deseño arquitectónico das infraestruturas de obra civil e outros elementos precisos para soportar os sistemas de telecomunicacións. Esta medida evitará a necesidade de realizar obras de adaptación unha vez concluído o inmueble, o que suporá un importante aforro.

Por outra banda, o decreto regula as prescricións de deseño, instalación e verificación que deberá cumprir calquera proxecto de implantación de infraestruturas de telecomunicacións en inmobles existentes.

Estas determinacións e prescricións técnicas teñen como finalidade racionalizar e homoxeneizar a calidade das instalacións para aumentar a dispoñibilidade dos servizos á vez que se optimizan os custos. Estes requirimentos serán concretados na "Guía de especificacións dos sistemas de telecomunicacións" que se elaborará nun prazo máximo de seis meses desde a entrada en vigor do decreto.

### **Guía de especificacións**

A Guía de especificacións dos sistemas de telecomunicacións tratará polo miúdo cuestións como:

- Criterios de deseño e dimensionamento das infraestruturas de telecomunicacións a instalar nos edificios públicos que se constrúan ou remodelen.
- Especificacións técnicas dos elementos das infraestruturas, requisitos de instalación destes e procedementos de verificación posteriores.
- Documentación técnica que debe xerarse no proceso de instalación.

## A XUNTA TRANSFIRE AO CONCELLO DA LARACHA AS BEIRARRÚAS DA ESTRADA A CORUÑA-CEE, NAS TRAVESÍAS DE PAIOSACO E A LARACHA

- *O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes mediante a sinatura da correspondente acta*
- *Corresponderanlle ao Concello da Laracha todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das beirarrúas, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria*

O Consello da Xunta aprobou hoxe a transferencia ao Concello da Laracha das beirarrúas da estrada A Coruña-Cee (AC-552), nas travesías de Paiosaco e A Laracha.

O Concello solicitou á Consellería de Infraestruturas e Vivenda o cambio da titularidade das beirarrúas da estrada AC-552 ao seu paso polos núcleos urbanos de Paiosaco e A Laracha.

A Axencia Galega de Infraestruturas, de acordo co informe emitido polos servizos competentes, formulou proposta favorable á transferencia de titularidade da totalidade das beirarrúas da estrada AC-552 ao seu paso polos solos urbanos de:


- Paiosaco: inicio no p.q. 17+920 por ambas as dúas marxes e final no p.q. 18+620 da marxe dereita e no 18+610 da marxe esquerda.
- A Laracha: inicio no p.q. 20+410 da marxe dereita e no p.q. 20+290 da marxe esquerda e final no 21+570 para ambas as dúas marxes.

O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* e a entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes mediante a sinatura da correspondente acta.


Corresponderanlle ao Concello da Laracha, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación das beirarrúas, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular delas.

O cambio de titularidade tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellaría competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas.






① A Laracha



② Paiosaco

 Beirarrúas que se transfiren



## **A XUNTA DE GALICIA NOMEA A ARTURO PARRADO PUENTE, DIRECTOR DA ONCE EN SANTIAGO, NOVO DIRECTOR XERAL DE INCLUSIÓN SOCIAL**

- *É natural de Teo (A Coruña) e ten 53 anos de idade*
- *A súa traxectoria profesional na ONCE levouno a ocupar distintos cargos de responsabilidade nesta entidade, como o de xefe do departamento de Servizos Sociais para Afiliados da Delegación Territorial en Galicia e, máis recentemente, o de director, primeiro en Vigo e na actualidade en Santiago*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o nomeamento de Arturo Parrado Puente como director xeral de Inclusión Social. Na actualidade é director da Axencia Administrativa da ONCE en Santiago de Compostela, cargo ao que renunciará para incorporarse á súa nova responsabilidade no Goberno autonómico.

Parrado Puente, de 53 anos de idade, é natural do concello coruñés de Teo. A súa relación profesional coa organización de cegos españois comezou en outubro de 1996 como asesor técnico da empresa da Fundación ONCE Sistemas Integrals Sanitarios, compañía de ámbito estatal encargada da xestión e tratamento de residuos sanitarios e na que traballou ata febreiro de 1998.

Así mesmo, durante nove anos —entre febreiro de 1998 e maio de 2007— foi xefe do departamento de Servizos Sociais para Afiliados da Delegación Territorial da ONCE en Galicia. As maiores responsabilidades nesta entidade desempeñounas dende o ano 2007, primeiro como director da ONCE en Vigo —de maio de 2007 a maio de 2011— e despois en Santiago de Compostela, posto que ocupou nos últimos catro anos.

## O NOVO PLAN ESTRATÉGICO DEFINE ENTRE AS DEZ PRIORIDADES PARA A GALICIA DE 2020 CREAR 100.000 EMPREGOS, DUPLICAR O GASTO EN I+D E CONVERXER OITO PUNTOS COA UE

- *O Consello da Xunta aprobou un documento froito dun amplo proceso de participación da sociedade civil, e que será remitido á Cámara para o seu debate*
- *No decálogo de obxectivos no eido económico figuran un crecemento do PIB anual superior ao 2,5% e reducir a taxa de paro ao 10%*
- *Inclúese o reto de mudar a actual tendencia demográfica e que Galicia se achegue á media europea de fillos por muller*
- *Tamén se fixa como meta reducir as emisións de efecto invernadoiro, que as enerxías renovables supoñan o 30% do consumo e elevar a eficiencia enerxética*
- *No eido social, o Plan estratéxico prevé reducir a taxa de abandono escolar ao 15% e diminuír en 100.000 persoas a poboación en risco de exclusión ou pobreza*
- *Para acadar os obxectivos, o plan inclúe catro eixes de actuación: empregabilidade, benestar e cohesión social, crecemento sustentable e sociedade da información*
- *O escenario financeiro ata 2020 baséase na blindaxe do gasto social, a redución do endebedamento e a solvencia de Galicia sen levar a cabo subas de impostos*
- *O desenvolvemento do Plan estratéxico terá un efecto positivo no PIB de case dous puntos e producirá unha baixada da taxa de paro dun punto*
- *No proceso de participación do Plan interviñeron medio millar de entidades e máis de 200 expertos a través de 11 mesas temáticas, e conta co aval do comité asesor*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, froito dun amplo proceso de participación e que agora será remitido ao Parlamento galego para o seu debate. Entre as dez prioridades deste plan para 2020 están a creación de 100.000 novos empregos, duplicar o gasto en I+D e converxer oito puntos coa Unión Europea.

O conselleiro de Facenda, Valeriano Martínez, informou hoxe da conclusión do proceso de elaboración do Plan estratéxico de Galicia, un documento que fixa a planificación a medio prazo e que sae do traballo do Goberno e das achegas da cidadanía. A súa prioridade será consolidar a recuperación económica na segunda metade da década, acadando unha Galicia máis igualitaria e con máis oportunidades, con máis emprego, con máis produtividade, cunha maior cohesión territorial e social e cun benestar reforzado.

Así, entre os obxectivos do plan, establécese consolidar un crecemento económico sostido durante a segunda metade da década, cun avance anual do PIB superior ao 2,5%, e aumentar en 100.000 o número de empregos ata o ano 2020, o que permitirá reducir a taxa do paro ata o 10%. Tamén se fixa como obxectivo mellorar a taxa de ocupación dos cidadáns de entre 20 e 64 anos en 10 puntos, ata o 70%.



Ademais de duplicar o gasto en I+D e elevalo ata o 1,7% do PIB, no eido social fíxase como obxectivo seguir reducindo a taxa de abandono escolar temperán noutros 3,5 puntos, ata o 15%, e conseguir que o 47% da poboación galega de entre 30 e 34 anos de idade teña estudos superiores.

Xunto a isto, o plan establece como meta para 2020 reducir a taxa de poboación en risco de pobreza ou exclusión social en tres puntos. Este indicador xa está por debaixo da media estatal e o obxectivo é reduci-lo en 100.000 persoas.

O Plan estratéxico 2015-2020 incide ademais no eido ambiental, co obxectivo de reducir as emisións de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI) nun 35% en relación ao nivel de 2005, ano de referencia na estratexia estatal. Tamén se fixa como prioridade elevar o uso das enerxías renovables ata un 30% do consumo final e incrementar a eficiencia enerxética nun 20%.

En canto á situación demográfica, o plan aposta por implantar un paquete integral de medidas para a revitalización demográfica de Galicia co obxectivo de que a Comunidade Autónoma se achegue progresivamente á media de fillos por muller da Unión Europea, situada en 1,59. Ademais, o Plan Estratéxico 2015-2020 permitirá converxer oito puntos coa Unión Europea en PIB *per cápita*, ata chegar ao 88%.

### **Eixes de actuación**

Para acadar os seus obxectivos, o plan inclúe catro eixes de actuación: un eixe sobre empregabilidade e crecemento intelixente, para fomentar a actividade empresarial e para aumentar a produtividade dos traballadores a través da formación e o impulso á innovación. O segundo eixe, centrado no benestar e a cohesión social, reforzará o sistema sanitario, os servizos sociais e garantirá o acceso a unha vivenda digna.

O terceiro eixe baséase no crecemento sustentable, o territorio, o mar, a agricultura, gandería e montes, e terá como prioridade o fomento do sector primario, as enerxías renovables e a potenciación do turismo.

Finalmente, o eixe de sociedade da información, cultura e reforzo do peso de Galicia no seu contorno permitirá conservar e promover a riqueza cultural e as potencialidades da Comunidade autónoma. Ademais, a estes catro eixes engádese un eixe instrumental centrado nunha administración moderna e de calidade, para promover unha función pública profesional e unha Administración eficiente e transparente.

### **Efecto positivo do Plan**

O novo Plan Estratéxico de Galicia establece un escenario financeiro para a segunda metade da década baseado en prioridades como a blindaxe do gasto social na

Comunidade Autónoma, incluído o gasto en educación, en sanidade e en servizos sociais.

Este escenario tamén considera a progresiva redución do endebedamento da Comunidade Autónoma, que permitirá a Galicia manterse cun nivel de débeda por debaixo da media autonómica. Na actualidade, a *ratio* de débeda en Galicia xa é cinco puntos inferior á do conxunto das comunidades. Ademais, o escenario financeiro complétase coa prioridade de manter a solvencia de Galicia e a sustentabilidade do gasto público sen subas de impostos.

O desenvolvemento do Plan estratéxico terá un efecto positivo na evolución do PIB autonómico ata o final da década de 1,8 puntos, ao tempo que producirá unha baixada da taxa de paro dun punto –ata o contorno do 10% - no ano 2020.

### **Proceso de participación do Plan estratéxico**

Ao longo do pasado ano, o Goberno galego trasladou o Plan estratéxico 2015-2020 á sociedade civil para que puidese realizar as súas achegas co fin de contribuír a enriquecer e consensuar o documento final.

Así, comunicouse o proceso de elaboración do Plan a máis de medio millar de entidades; púxose á disposición dos interesados unha web específica sobre o Plan, o que permitiu a cidadáns, asociación, empresas e entidades sociais e profesionais realizar as súas achegas; celebráronse foros sectoriais nos que participaron máis de 200 expertos; e formouse un Comité Asesor con especialistas no eido institucional, económico, empresarial, académico e do emprendemento que avalaron o documento.

### **OS DEZ OBXECTIVOS PRIORITARIOS DO PLAN ESTRATÉXICO 2015-2020:**

- 1. DEMOGRAFÍA:** chegar paulatinamente a Galicia á media da UE de 1,59 fillos por muller
- 2. PIB:** acadar un crecemento económico sostido cun avance anual superior ao 2,5%
- 3. EMPREGO:** crear 110.000 novos empregos e reducir a taxa do paro ao 10%
- 4. I+D:** duplicar o gasto en I+D e subir ao 40% do PIB a exportación nos sectores produtivos
- 5. EDUCACIÓN:** reducir a taxa de abandono escolar temperán en 3,5 puntos, ata o 13,5%.

6. **FORMACIÓN:** que o 47% dos galegos de entre 30 e 34 anos teña estudos superiores
7. **INCLUSIÓN:** reducir a poboación en risco de exclusión ou pobreza en 100.000 persoas
8. **MEDIO AMBIENTE:** reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro nun 35%
9. **ENERXÍA:** aumentar o uso das enerxías renovables ata un 30% do consumo final
10. **CONVERXENCIA:** gañar oito puntos de converxencia coa Unión Europea

## A XUNTA IMPULSA O EMPRENDEMENTO E INCREMENTA NUN 45% AS AXUDAS PARA APOIAR O COOPERATIVISMO A TRAVÉS DA REDE EUSUMO

- *A Consellería de Economía, Emprego e Industria inviste este ano máis de 1,2M€ en tres liñas de financiamento para apoiar as entidades asociativas, oficinas locais e entidades sen ánimo de lucro que colaboran coa Rede Eusumo*
- *Esta Rede, que creou a Xunta para promover o cooperativismo e a Economía Social, acadou desde 2012 a posta en marcha de 106 cooperativas e 8 sociedades laborais, que xeran máis de 430 empregos directos*
- *Destas axudas beneficiaranse ao redor de 2.000 persoas e 30 asociacións e agrupacións de concellos a través de accións de información, difusión e formación*
- *O Goberno galego inviste este ano 40M€ para promover o emprendemento con especial atención ao rural, destinando 5M€ para impulsar proxectos de economía social*

A Xunta está a impulsar este ano o emprendemento, con especial atención ao rural, e, deste xeito, vén de incrementar nun 45% as axudas para apoiar, a través da Rede Eusumo, o cooperativismo e a Economía Social, un sector que aglutina máis de 7.000 entidades e 320.000 persoas en Galicia. Destas liñas de financiamento poderán beneficiarse 2.000 persoas e 30 asociacións e concellos ou mancomunidades a través de accións de información, difusión e formación.

En concreto, a Consellería de Economía, Emprego e Industria destina máis de 1,2 millóns de euros a tres programas de axudas diferentes, que aprobou hoxe o Consello da Xunta, para apoiar os colectivos que colaboran coa Rede Eusumo. Unha iniciativa posta en marcha polo Goberno galego, grazas á que se acadou desde 2012 a creación de 106 cooperativas e 8 sociedades laborais, que xeran preto de 430 empregos directos. A Rede creouse para fomentar esta fórmula empresarial en todo o territorio de Galicia, impulsando o seu desenvolvemento no ámbito local, a través de accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego colectivo.

O primeiro dos programas ten por obxectivo fomentar e consolidar as asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, financiando parcialmente os seus gastos de funcionamento e a realización de actividades de promoción e fomento da economía social.

A segunda liña de axudas está dirixida a promover a posta en marcha de oficinas locais de fomento do cooperativismo e economía social. Este programa está destinado exclusivamente aos concellos, a través de áreas metropolitanas, mancomunidades, consorcios locais ou agrupacións dun mínimo de catro concellos. Apóianse con esta actuacións os gastos de creación e mantemento destas oficinas, así como a realización

de actividades. A terceira das iniciativas ten como obxectivo axudar ás entidades sen ánimo de lucro adheridas á Rede Eusumo.

A Rede Eusumo conta a día de hoxe con 72 colectivos entre entidades locais, asociacións de empresas, universidades ou fundacións que dan cobertura a 14 viveiros de empresas. Desde a súa constitución organizou case 650 actividades formativas ás que asistiron 11.800 persoas e asesorou a máis de 570 grupos promotores para o impulso de proxectos cooperativos con máis de 2.180 persoas implicadas.

Esta actuación enmárcase na aposta do Goberno galego de impulso ao emprendemento para a que destina nos orzamentos de 2016 un total de 40 millóns de euros. Para fomentar a economía social e o emprendemento, o Goberno galego aprobou recentemente, entre outras actuacións, o proxecto de Lei de economía social de Galicia, que ten como principais obxectivos promover o cooperativismo xuvenil e ofrecer grandes oportunidades para contribuír ao crecemento económico de Galicia desde o rural. Esta normativa impulsará novas iniciativas e axudas por 5 millóns de euros para impulsar proxectos de economía social.

### **Vantaxes de Eusumo**

Eusumo é unha rede de colaboración impulsada pola Xunta para fomentar o cooperativismo e a economía social, coa que se pretende promover o espírito emprendedor, prestando apoio directo á creación e consolidación de emprego con base na economía social.

A través desta rede ponse á disposición os medios necesarios para o emprendemento, entre os que se inclúen as instalacións para albergar o inicio de proxectos empresariais de Economía Social, ao tempo que se impulsa este modelo no ámbito local, a través de accións de formación, divulgación e asesoramento para o autoemprego cooperativo.

Entre as vantaxes de pertencer a Eusumo destacan os beneficios propios dunha colaboración en rede, compartindo esforzos e resultados con outras entidades con intereses similares ou a utilización dos diferentes centros da Rede. Así mesmo, as entidades poden ser beneficiarias dos diferentes apoios e incentivos da Xunta para impulsar a economía social e contan con prioridade no aproveitamento dos recursos que a Consellería elabora para o fomento do cooperativismo e a economía social.



## **O PLAN MARCO DE CAMIÑOS FACILITARÁ AOS CONCELLOS O ORZAMENTO NECESARIO PARA ARRANXAR AS SÚAS INFRAESTRUTURAS VIARIAS**

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe as axudas correspondentes á anualidade 2016 deste plan, por un montante total de preto de 20 millóns de euros*
- *A través destas achegas, os concellos poderán ampliar, mellorar ou manter os camiños de titularidade municipal que faciliten o acceso, cando menos, a unha parcela integrante dunha explotación agraria*
- *Os concellos da provincia da Coruña recibirán máis de 6,2 millóns de euros, os de Lugo 5,3 millóns, os de Ourense contarán con preto de 4,5 millóns de euros e os da provincia de Pontevedra con preto de 3,9 millóns de euros*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), dependente da Consellería do Medio Rural, para a concesión directa das axudas correspondentes ao Plan marco: mellora de camiños municipais de acceso a explotacións agrarias para o exercicio 2016, cofinanciado nun 75% con Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

Deste xeito, procederáse a inxectar á Administración local unha contía de preto de 20 millóns de euros para a ampliación, mellora ou mantemento dos camiños de titularidade municipal que faciliten o acceso, cando menos, a unha parcela integrante dunha explotación agraria.

O obxectivo xenérico a alcanzar con estas achegas é mellorar as condicións de vida dos residentes nas áreas rurais. Para acadar este obxectivo é preciso, por unha banda, mellorar as dotacións existentes de infraestruturas básicas e, por outra, levar a cabo actuacións dirixidas a fomentar a implantación e a mellora dos servizos básicos demandados pola poboación rural.

### **Reparto provincial**

Os criterios de repartición para desenvolver o Plan marco de mellora de camiños de titularidade municipal 2016 foron consensuados entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp). Así, os concellos da provincia da Coruña recibirán máis de 6,2 millóns de euros, os de Lugo 5,3 millóns, os de Ourense contarán con preto de 4,5 millóns de euros e os da provincia de Pontevedra con preto de 3,9 millóns de euros.

## O TURISMO INTERNACIONAL SUPEROU XA O NOVO OBXECTIVO FIXADO NO PLAN INTEGRAL DE TURISMO DE GALICIA

- *O Consello da Xunta fixo balance hoxe da execución do Plan integral de turismo de Galicia tras dous anos de execución*
- *A análise amosou que, tanto os obxectivos dos indicadores de xestión, como as principais liñas a seguir, están sendo acadadas e incluso superadas con gran éxito*
- *O número de viaxeiros internacionais que elixiron os establecementos regrados da nosa comunidade en 2015 ascendeu a 1.271.687*
- *Así mesmo, ocupación media hoteleira do 2015 pechou co 33,81% superando a cifra do 33,54% fixada como obxectivo no plan*

O Consello da Xunta fixo balance hoxe da execución do Plan integral de turismo de Galicia tras dous anos de execución desta ambiciosa folla de ruta para o sector turístico galego.

A análise amosou que tanto os obxectivos dos indicadores de xestión como as principais liñas a seguir están sendo acadadas tal e como recolle o calendario de actuación e incluso están sendo superadas con gran éxito grazas á implicación de todo o goberno da Xunta de Galicia, así como á colaboración público-privada que se está a desenvolver no sector.

Tras o cumprimento de varios obxectivos estratéxicos sectoriais no primeiro ano de posta en marcha, marcáronse uns obxectivos moito máis ambiciosos naqueles indicadores que xa foron cumpridos.

Neste senso, a espera dos datos totais do acumulado do ano, o turismo internacional en Galicia xa superou o novo obxectivo marcado no Plan. O número de viaxeiros internacionais que elixiron os establecementos regrados da nosa comunidade en 2015 superou o obxectivo presentado de 1.250.000, ao rexistrarse 1.271.687 viaxeiros internacionais só nos establecementos hoteleiros, cifra que se incrementará coa publicación dos datos rexistrados nos establecementos extrahoteleiros da comunidade.

Así mesmo, é destacable a ocupación media hoteleira de 2015, a cal se pechou co 33,81% superando a cifra do 33,54% fixada como obxectivo no plan. O cumprimento deste obxectivos demostra que as accións do plan integral están a ter a súa pegada na demanda turística rexistrada na nosa comunidade.

Así mesmo, durante o pasado ano 2015 elaborouse o informe IMPACTUR Galicia 2014, unha profunda análise e diagnose da evolución do sector turístico en Galicia.

Os resultados deste estudo tamén confirman o relevante papel do turismo na economía galega. Segundo estes, o PIB turístico en Galicia alcanzou no ano 2014 os 6.015 millóns de euros, o que supón o 11,1% do total do PIB da Comunidade e un crecemento interanual do 1,2% respecto aos niveis do ano 2013.

A relevancia do turismo en Galicia tamén é evidente nos resultados do estudo en termos de emprego, ao xerar este sector 109.762 empregos en 2014, o que representa o 12% do total do emprego de toda a Comunidade nese ano.

### **O Camiño de Santiago como eixe vertebrador**

Na primeira liña estratéxica O Camiño de Santiago como eixe vertebrador de novas alternativas de turismo e modelo demostrador internacional destaca a aprobación do Plan director do Camiño que levou consigo xa importantes actuacións como a creación do Centro Internacional de Acollida ao Peregrino, a aprobación do Plan de actuación do Monte do Gozo ou a aprobación do decreto que regula a sinalización do Camiño de Santiago en Galicia, entre outras medidas. Así mesmo, cómpre salientar a posta en marcha do proxecto *Smart Camiño* que está a mellorar a asistencia e facilitar a experiencia do peregrino mediante a tecnoloxía máis innovadora.

En materia do posicionamento, tiveron lugar grandes fitos como a declaración dos camiños do Norte e o Primitivo como Patrimonio da Humanidade, a reactivación do Consejo Jacobeo ou a concesión dos Premios do Camiño de Santiago 2015.

### **Oferta turística baseada nos recursos endóxenos diferenciais**

No que se refire á segunda liña estratéxica centrada na oferta turística baseada no patrimonio e nos recursos endóxenos diferenciais neste segundo ano de execución do Plan destacan accións como a celebración da gala Estrella Michelin por primeira vez en Galicia, a promoción das festas de interese turístico como instrumento moi eficaz de atracción con actuacións como a presentación dos Entroidos en Fitur, a promoción de Galicia como destino de surf a través do Pantin Classic ou o desenvolvemento de novos produtos diferenciais como a Ruta da Lamprea.

### **Consolidación de Galicia como destino ambiental, social e economicamente sostible**

As accións da liña estratéxica dirixida a consolidación de Galicia como destino ambiental, social e economicamente sustentable, están presentes en diversas actuacións de maneira transversal, deste xeito, neste segundo ano, cómpre destacar iniciativas como Plan de accesibilidade turística de Galicia e apóiase o desenvolvemento de destinos accesibles en territorios como as Rías Baixas ou Arousa Norte, a aprobación da Carta Europea de Turismo Sustentable nos espazos naturais protexidos das Illas Atlánticas, o Xurés e as Fragas do Eume, os novos destinos Starlight de Galicia ou a colaboración coa Dirección Xeral de Conservación da Natureza para a elaboración e posta en marcha do Plan de protección da praia das Catedrais.

### **Apoio ao talento e ao uso das novas tecnoloxías**

Tamén no que se refire ao fomento do talento e ao aproveitamento das novas tecnoloxías para acadar un sector competitivo e un destino intelixente, nos atopámonos con accións con este obxectivo específico e actuacións transversais.

Nesta liña estratéxica podemos destacar o Programa para mellorar a calidade dos establecementos mais pequenos e mais tradicionais da Escola de Turismo Itinerante, o convenio de colaboración para o apoio á Cátedra de Hidroloxía Médica e para as disciplinas en materia de turismo ou o curso realizado na EGAP sobre produtos turísticos.

Así mesmo, neste eido, o Centro Superior de Hostalería de Galicia consolidouse como o referente internacional de formación en materia de hostalería.

Ademais, púxose en marcha o plan *Smart Turismo* como plataforma tecnolóxica para cubrir as relacións entre o sector, a administración e os turistas.

### **Promoción e comercialización de Galicia**

A promoción e comercialización de Galicia como destino único baseado nun modelo á demanda desenvolveuse no exterior mediante viaxes de promoción, viaxes de familiarización con prensa e turoperadores, viaxes con blogueiros, *workshops* con turoperadores que trouxeron a Galicia 214 persoas, ou coa participación en 31 feiras sectoriais.

Tamén se celebraron diversos congresos, de ámbito internacional ou europeo, en Galicia como o Encontro Mundial de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago.

Así mesmo, non hai que esquecer a participación de Galicia en proxectos europeos ou asociacións de interese turístico europeas.

### **Consenso e cooperación público-privada**

Por último, as actuacións da liña baseada no consenso e na cooperación entre o sector público e privado foron unha constante na actividade de Turismo de Galicia.

Nesta liña destaca a colaboración acadada cos xeodestinos, coas catro deputacións provinciais e con diversos concellos, así como coa universidade, a Administración Xeral do Estado, a Secretaría Xeral de Emigración, a Fundación de Artesanía e do Deseño e con outras institucións públicas.

Así mesmo, a intensa colaboración co Clúster de Turismo de Galicia sintetiza a que se desenvolveu con todo o sector empresarial e profesional.

En materia de normativa, aprobáronse os decretos de festas de interese turístico, municipios de interese turístico, a regulación da profesión de guías de turismo de Galicia, así como unha modificación da Lei de turismo para regular as vivendas de uso turístico.



## A EGAP APOSTA EN 2016 POLA PLURALIDADE FORMATIVA PARA FACILITAR A CONCILIACIÓN FAMILIAR E LABORAL DOS EMPREGADOS PÚBLICOS

- *A EGAP pon en marcha un plan de formación para o ano 2016 no que as modalidades non presenciais suporán o 76 por cento das prazas*
- *A porcentaxe de prazas de autoformación aumenta para achegar a oferta formativa a máis persoas, garantindo a equidade no acceso aos contidos máis demandados*
- *Ao longo deste ano a escola ten previsto convocar un 12 por cento máis de actividades dentro do seu plan de formación*

A mellora da cualificación e a capacitación dos empregados públicos configúranse como dous dos obxectivos básicos da Escola Galega de Administración Pública en particular, e do Goberno galego, en xeral. Por este motivo, o Consello da Xunta informou esta mañá sobre o plan de formación proposto para os empregados públicos de Galicia no ano 2016.

Este programa formativo supón, unha vez máis, unha clara aposta polos diferentes contornos de aprendizaxe e metodoloxías, entre os cales se atopan a autoformación, a teleformación e a docencia presencial. Así pois, a pluralidade de formativos, modalidades e metodoloxías constitúe unha das liñas distintivas do plan, que ten o obxectivo de facilitar a formación continua aos empregados públicos, ao eliminar as posibles barreiras no acceso e promover a conciliación entre a vida familiar e laboral.

Así a EGAP, tendo en conta o éxito acadado nos dous últimos anos nesta modalidade, amplía en 2016 o catálogo de actividades dispoñibles en autoformación, que estará aberto ao persoal da Administración autonómica, de Xustiza, da Administración institucional e entes instrumentais do sector público e ao persoal de administración e servizos das universidades galegas. Esta modalidade abarcará durante 2016 o 27 por cento das prazas e permitirá achegar a oferta formativa a un maior número de persoas, garantindo a equidade no acceso aos contidos máis demandados.

Así mesmo, a Escola continuará apostando pola teleformación, cunha porcentaxe do 49 por cento das prazas totais, de xeito que a porcentaxe de prazas ofertadas en modalidades non presenciais - teleformación e autoformación- chegará en 2016 a representar o 76 por cento do total de prazas do plan de formación.

Ademais, a programación presentada no plan suporá incrementar o número de actividades nun 12 por cento -pasando de 460 en 2015 a 516 en 2016-, aínda que este aumento será especialmente relevante no caso da formación dirixida ao persoal da Administración instrumental e entes públicos. A aprobación da Lei do emprego público de Galicia proporcionou a cobertura xurídica precisa para artellar un programa formativo específico destinado a este colectivo, que en 2016 poderá acceder a 38

edicións formativas e 2.067 prazas, o que supón un aumento do 81 por cento nas edicións e do 218 por cento nas prazas con respecto ao 2015.

Finalmente, cómpre salientar que o programa de actividades proposto é o resultado dun proceso de detección das necesidades formativas no que se tiveron en conta as necesidades da propia Administración, as propostas dos coordinadores de formación de cada centro directivo, a colaboración de docentes e expertos de distintos eidos formativos e as achegas dos destinatarios da formación; os cales coas súas suxestións contribuíron a facer do plan un verdadeiro instrumento para a mellora continua. Así mesmo, tívose en conta a demanda rexistrada e os resultados das enquisas de avaliación das actividades desenvoltas nos anos anteriores. Todas estas ferramentas permitiron a creación dun programa de calidade e adecuado aos requirimentos dos usuarios, sen esquecer o marco de restrición orzamentaria no que nos atopamos.

## A XUNTA ACTIVA A OFICINA DOING BUSINESS COMO CANLE DIRECTA CON CIDADÁNS E EMPRESAS PARA SUPRIMIR BARREIRAS E IMPULSAR A POSTA EN MARCHA DE PROXECTOS

- *A iniciativa, enmarcada no desenvolvemento da Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0, configúrase como un mecanismo pioneiro e áxil que supón un paso máis na simplificación e mellora de trámites administrativos*
- *Cidadáns, empresarios e emprendedores poderán acceder desde hoxe a esta plataforma pública en liña–[www.doingbusiness.gal](http://www.doingbusiness.gal)- para coñecer o estado concreto dun proxecto, solucionar problemas de tramitación, denunciar barreiras administrativas ou propoñer suxestións de mellora da regulación*
- *Responderase no prazo máximo dun mes a cada un dos casos presentados, e as propostas de maior interese faranse públicas en beneficio da transparencia*

O Goberno galego ten no emprendemento e no impulso da competitividade empresarial instrumentos clave na dinamización económica de cara a consolidar o crecemento e xerar emprego. Neste marco, o Consello da Xunta coñeceu da activación da nova *Oficina Doing Business*, ferramenta pioneira que nace hoxe como unha canle áxil e directa de interlocución que permitirá escoitar a cidadáns, emprendedores e empresarios co obxectivo de simplificar e mellorar a tramitación administrativa de proxectos.

O mecanismo, dispoñible desde hoxe na web [www.doingbusiness.gal](http://www.doingbusiness.gal), supón un novo paso na simplificación de trámites e na procura dun diálogo rápido, efectivo e fluído entre administración e cidadanía. Neste sentido, e no contexto da Axenda da Competitividade Galicia – Industria 4.0, a plataforma en liña busca limitar as esperas derivadas da burocracia administrativa ao tempo que se identifican medidas para flexibilizar e axilizar as distintas tramitacións. Así, a oficina permite, dun modo directo, coñecer o estado concreto dun proxecto, denunciar barreiras administrativas e propor suxestións ou solucionar problemas concretos sobre iniciativas en tramitación.

Deste xeito, aspírase a que empresas e cidadáns vexan mellorada a tramitación dos seus proxectos, sendo eles mesmos os que poidan indicar os obstáculos que debe eliminar a Administración. Así, empresas, particulares e asociacións poderán dirixirse directamente á Xunta para suxerir cambios legislativos, comprometéndose o Goberno galego a responder en menos dun mes a cada un dos casos presentados.

Cómpre salientar que as propostas de maior interese se farán públicas en beneficio da transparencia. Así mesmo, e para aquelas situacións que afecten varios departamentos, a Consellería de Economía, Emprego e Industria centraliza un mecanismo específico de colaboración que permitirá dar resposta nos tempos previstos.

Coa activación da *Oficina Doing Business*, a Xunta mantén o esforzo que vén desenvolvendo para diminuír e rematar coa burocracia administrativa no ámbito económico e empresarial, no marco da regulación intelixente, que está a promover a Unión Europea en busca de normas adecuadas, necesarias, proporcionais, simples, transparentes e participativas.

Neste sentido, esta ferramenta súmase a outras medidas adoptadas para facer máis sinxelos os procedementos, con obxecto de facilitar o emprendemento e a actividade económica, impulsando así a creación de riqueza e a xeración de emprego.

De feito, este esforzo supuxo a posta en marcha de medidas como a Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, que eliminou as licenzas municipais de obra e actividade facilitando a apertura de novos establecementos; a creación das Entidades de Certificación de Conformidade Municipal (ECCOM), que facilitan aos emprendedores as tramitacións a levar a cabo ante a Administración; ou o decreto que simplificou e acurtou os trámites para a apertura de novas gasolinerías.

## **O SERGAS REDUCE DE MANEIRA IMPORTANTE AS INFECCIÓN S GRAVES NAS UNIDADES DE CRÍTICOS**

- ***Coa implantación dos programas Bacteriemia Zero, Pneumonía Zero e Resistencia Zero nos seus centros hospitalarios***

Os programas do Servizo Galego de Saúde para loitar contra as infección s relacionadas coa atención sanitaria están a permitir xestionar de forma proactiva os riscos asistenciais, evitar e minimizar os eventos adversos relacionados coa atención aos pacientes críticos, diminuír a morbi-mortalidade das persoas ingresadas nas Unidades de Coidados Críticos e reducir a súa estancia nelas.

Así, os rexistros realizados polas unidades do Sergas que implantaron estes programas amosa unha diminución da densidade de incidencia de bacteriemia asociada a catéter venoso central de 4,1 casos por 1.000 días de catéter venoso central en 2008 á 2,24 casos por 1.000 días en 2015. No período 2009-2015, esta diminución tradúcese en 374 bacteriemias (redución dun 41% dos casos), 34 mortes e 4.484 días de estadía na UCI evitados.

No relativo á pneumonía asociada á ventilación mecánica, no período abril 2011-decembro 2015 diminuíuse a densidade de incidencia de 9,93 pneumonías por 1.000 días de ventilación mecánica no ano 2010 á 4,4 pneumonías por 1.000 días en 2015, que supón en 586 pneumonías, 70 mortes e 10.838 días de estadía evitados.

### **Programas amplamente estendidos en Galicia**

A infección relacionada coa atención sanitaria pode implicar complicación s sanitarias e prolongación das estancias hospitalarias, cun conseguinte incremento dos custos. As bacteriemias relacionadas con catéteres venosos centrais e as pneumonías relacionadas coa ventilación mecánica son un dos problemas da atención sanitaria nas unidades de coidados críticos, e para loitar contra elas Galicia participa nos proxectos Bacteriemia Zero, dende o ano 2009, e Pneumonía Zero, dende o seu inicio no mes de abril do 2011.

Ademais, a aparición de resistencias aos antibióticos é unha grave ameaza para a saúde pública en todo o mundo, xa que incrementa a taxa de fracasos do tratamento, a mortalidade e os custos da atención sanitaria. O Ministerio de Sanidade lanzou en 2014 o programa Resistencia Zero -no que Galicia tamén participa- que propón unha serie de medidas para diminuír as resistencias das bacterias aos antibióticos nas áreas de coidados críticos.

Os tres programas están amplamente estendidos en Galicia, participando activamente a maior parte das Unidades de UCI, Reanimación e Unidades Coronarias. Desde a



Subdirección Xeral de Atención ao Cidadán e Calidade do Sergas realízase a coordinación e seguimento da implementación das medidas e do cumprimento dos estándares propostos polo Ministerio con base nas taxas de incidencia de infección e resistencias a antimicrobianos evidenciadas nos estudos de incidencia da infección nestas unidades.

### **Medidas baseadas na evidencia**

Polo tanto, o Servizo Galego de Saúde incorporou a prevención da infección relacionada coa asistencia sanitaria como unha estratexia transversal a todos os procesos asistenciais nas unidades de coidados críticos dos seus hospitais. Ademais, continúa a traballar para sensibilizar a sociedade, pacientes e profesionais de que a infección relacionada coa asistencia sanitaria constitúe un problema real que se pode previr con prácticas sinxelas baseadas na evidencia.

Deste xeito, normalízase a mellor asistencia posible a cada paciente desde a perspectiva do propio usuario e da continuidade asistencial; e redúcese a variabilidade non desexada da práctica clínica e das condutas terapéuticas.

Neste eido, estableceuse un programa de formación inicial e continuada dirixido aos profesionais que desenvolven o seu labor nas unidades de coidados críticos. A través del téñense formado 2.783 profesionais no programa Bacteriemia Zero, 1.873 profesionais no programa Pneumonía Zero e 474 profesionais no programa Resistencia Zero.

Tamén se impulsou a participación dos cidadáns e coidadores de pacientes como axentes activos para a prevención da infección con formación e información sobre medidas básicas que se van aplicar. Por último, trabállase para aumentar a eficiencia na xestión dos recursos sanitarios dispoñibles para a atención a este tipo de doentes.